

BOLETÍN AVRIENSE  
Núms. 48/49 (2018-2019), pp. 191-216  
I.S.S.N. : 0210-8445  
D.L. VG-112-1972

**OS LIBROS DUN REFRACTARIO.  
A VENDA DE LIBROS DO BISPO DE BLOIS  
Á UNIVERSIDADE DE SANTIAGO**

**CONCHA VARELA-OROL\***

\* Universidade da Coruña  
concepcion.varela@udc.es

# OS LIBROS DUN REFRACTARIO. A VENDA DE LIBROS DO BISPO DE BLOIS Á UNIVERSIDADE DE SANTIAGO

## RESUMO

*En 1796 a Universidade de Santiago adquire unha colección de libros a Alexandre Amédée Lauzières de Thémînes, bispo de Blois. O obxecto deste traballo é presentar a axitada vida deste bispo refractario, mediante fontes próximas ó persoeiro, que xuntou á súa disidencia unha personalidade bibliófila e coleccionista de obras de arte. Estúdiense os libros del adquiridos pola Universidade, que curiosamente achegaron ó seu cuarto de libros prohibidos un número significativo de obras, así como coleccións de primeira orde de filosofía, clásicos gregos e latinos, literatura e historia que completaron as coleccións existentes a finais do século XVIII.*

**Palabras chave:** *Lauzières de Thémînes, bispo de Blois, biblioteca, Universidade de Santiago*

## ABSTRACT

*In 1796 the University of Santiago acquired a collection of books from Alexandre Amédée Lauzières de Thémînes, bishop of Blois. The aim of this work is to present the hectic life of this refractory bishop, through sources close to the person, who combined to his dissidence a bibliophile personality and a collector of masterpieces. Studying the books of him acquired by the University, which oddly approached to his room of banned books a significant number of works, so as collections of first order of philosophy, Greek and Latin classics, literature and history which completed the existing collections at the end of the 18th century.*

**Keywords:** *Lauzières de Thémînes, Bishop of Blois, Library, University of Santiago*

## SIGLAS UTILIZADAS:

*AHN- Archivo Histórico Nacional (Madrid)*

*AHUS- Arquivo Histórico y Universitario de Santiago de Compostela*

Recibido/Received: 31/10/2019

Aceptado/Accepted: 19/11/2019

Boletín Avriense, núms. 48/49 (2018-2019), pp. 191-216, I.S.S.N. : 0210-8445, D.L. VG-112-1972

*Les bienfaits de M. de Thémines  
avaient émané d'un cœur généreux;  
ses affections anti-révolutionnaires, ses  
préjugés, étaient un héritage de caste*

(Touchard-Lafosse, 1841, p. 265)

Ó marxe da biblioteca do Colexio de Fonseca que existía na Universidade de Santiago de Compostela dende o século XVI, no último terzo do século XVIII créase a Biblioteca pública da Universidade de Santiago grazas a política levada adiante por Campomanes, co paso á institución dos fondos dos colexios dos xesuítas, que viñan des seren expulsados de España, unha orixe común a moitas bibliotecas universitarias españolas. Nestes anos de formación a Biblioteca recibiu algunhas importantes doazóns de galegos en Madrid, como a biblioteca de Ventura Figueroa, parte da biblioteca do escultor Felipe de Castro, e tamén as dalgúns profesores composteláns. Ó mesmo tempo a Universidade realizou abundantes adquisicións de fondos en librerías, como as madrileñas de Antonio de Sancha e Alberá, ou comprou libros tamén en Madrid mediante encargos a profesores que viaxaban á capital. Así mesmo adquiriu libros nas almoedas compostelás e mediante trocos de libros con particulares e outras institucións, como o Convento de San Francisco ou o Mosteiro de San Martiño Pinario. Pero ademais algúns libros mercáronse directamente ó seu propietario, como ocorre cunha colección de Alexandre Amédée Lauzières de Thémines, bispo de Blois, un dos moitos membros do clero francés exiliados en España.

O obxecto de este traballo é presentar a figura deste combatente cuxos ataques se dirixen a un tempo á igrexa e ó estado, e analizar a venda de libros que fixo á Universidade de Santiago. Para isto empregamos fontes impresas, fundamentalmente do século XIX, que nos permitiron reconstruír algúns datos biográficos do bispo, documentación referida á súa colección de libros en España, así como os libros desta procedencia existentes na actualidade na Biblioteca da Universidade de Santiago.

Na análise dos libros en clases temáticas seguimos, onde é posible, as sinaturas que os fondos tiveron cando se incorporaron ás coleccións universitarias, e coa finalidade de facilitar a lectura non incluímos os datos bibliográficos completos, xa que cos proporcionados poden ser identificados con facilidade no catálogo actual da Biblioteca universitaria de Santiago.

### **A AZAROSA VIDA DUN BISPO REFRACTARIO**

Alexandre-François Lauzières de Thémynes naceu en Montpellier en 1743 no seo dunha familia aristócrata xa que era o segundo fillo do marqués de Lauzières-Thémynes. Era esta unha orixe moi habitual do bispado francés, xa que en 1789 o sesenta e un por cen dos bispos franceses eran segundos fillos dunha rica familia, mentres os primeiros se dedicaban ás armas (McManners, p. 223). Thémynes, formado na elitista Compañía de San Sulpicio, foi doutor en teoloxía, vicario xeral de Senlis, un cargo que o convertía en episcopabel (Péronnet, p. 228), e grazas a protección do bispo de Senlis Jean-Armand de Bessuéjols Roquelaure, será nomeado capelán real. En 1773 será abade in commendam da abadía beneditina de Saint Symphorien-Les Beauvais. Sendo capelán real, Thémynes fixo o *Grand Tour* a Italia, onde comezou a adquirir obras de arte (Larre, p. 56-57), e posiblemente tamén libros, como tantos outros mozos da nobreza europea do século XVIII que aproveitaban a viaxe para mercar coleccións variadas (antigüidades, libros, *naturalia*...). Moi novo, en 1776, foi nomeado bispo por Luis XV.

O conde Jean-Nicolas Dufort de Cherveny, amigo de Thémynes, déixanos nas súas memorias algunhas notas sobre o carácter e a vida do bispo en Blois, e descríbeo como “...riche de 90.000 livres de rente, ambitieux et ayant en lui les moyens de parvenir, il afficha une grande sévérité de moeurs, mais en même temps un arbitraire despotique dans ses choix, une tenue haute vis-à-vis de ses inferieurs qui étonna tout le diocèse” (Dufort, t.1, p. 429). De feito, nestes primeiros anos tivo distintos conflitos cos fieis, como os ocasionados pola supresión de determinadas festas, como a peregrinación ós relicarios da La Chaussée-Saint-Victor. Tamén se enfrontou ós franciscanos, facéndoos depender de Vendôme, e ás clarisas da Abadía de la Guiche, dispersándoas en distintos mosteiros (Bergevin, t. 2, p. 225-226). Non mellor parece ter sido a súa relación cos sacerdotes da diocese “...il laissait peu approcher de lui les curés, il leur donnait des audiences très-laconiques...” (Dufort, t. 2, p. 4). Fronte a isto, o seu palacio estaba aberto a mariscais, príncipes, cardinais e bispos, como o mariscal Louis de Noailles ou o bispo de Vannes Amelot de Chaillou (Dufort, t. 2, p. 3-4).

Viaxou tamén por España e Portugal baixo o nome Abée de la Rigodière (Mousset, p. 38) “voulant satisfaire son goût d’instruction” ((Dufort, t. 2, p. 3). En Madrid en 1781 entrevistase co embaixador francés, Armand Marc, conde de Montmorin, a quen o embaixador español en Francia Fernán Núñez supón gran influencia sobre o bispo de Blois, atribuíndolle as representacións dos bispos franceses ante o rei en 1788 (Mousset, p. 38-39), o que confirman tamén outras fontes (Lambert La Plaigne<sup>1</sup>, p. 1).

Certamente Thémynes pronto se significara pola súa actividade política en defensa da monarquía e do poder da Igrexa galicana, así como do papel desta na lexitimación da coroa (Aston, p. 214). En 1780 fora elixido pola provincia de París deputado na Asemblea do Clero. En 1787 entrará a formar parte da Asemblea de Notables, un organismo consultivo nomeado polo rei, participando na xuntanza de 1787 onde Charles-Alexandre de Calonne propón a reforma de impostos, que concitará a oposición da asemblea formada en grande parte por membros do alto clero, a nobreza, mariscais, representantes das cidades, etc. Thémynes participou activamente na última Asemblea do Clero de Francia en 1788, onde fixo o discurso de apertura defendendo os privilexios do clero ante as reformas e pedindo ó rei a volta do Parlamento de París, desterrado en Troyes por negarse ós edictos rexios que impoñían novos impostos. Na Asemblea noméase unha comisión sobre a obriga do clero de contribuír as arcas do país; entre cuxos membros está o bispo de Blois, a quen se atribúe a autoría das *Remonstrances* presentadas ó rei. En 1789, ante a próxima convocatoria de Louis XVI dos Estados Xerais para facer fronte á crise financeira, Thémynes publica de forma anónima *Instructions et Cahiers du hameau de Madon*, unha alegación para preservar a independencia do primeiro estado, e inflúe na elección dos membros do terceiro estado na súa diocese para que non fixeran causa común cos reformadores, aínda que algúns logo non lle serían fieis (Touchard-Lafosse, p. 260-261).

Na Revolución Thémynes comeza pronto a ter problemas, que se intensificaran coa aprobación da Constitución civil do clero. En abril de 1790 o deputado da Asemblea Constituínte Palasne de Champeaux denuncia a Thémynes e propón envialo ó tribunal de Châtelet, encargado dos crimes de *lèse-nation*, para ser xulgado, aínda que a proposta non chegou a ser deliberada (Castellat i Pujol, María Betlem, t. 1, p. 71, 229), pero si se acordou unha queixa ó Bispo (Dufort, t. 2, p. 41). En xullo de 1790, a Asemblea Constituínte aproba a Constitución civil do

---

<sup>1</sup> Este texto, como algúns outros citados, publicáronse de forma anónima. A atribución ós autores tomámola da Bibliothèque Nationale de France.

clero, cuxo xuramento se decretará obrigatorio a fins dese ano. Algunhas fontes indican que Thémînes non se negaba a prestar o xuramento, xa que nunha carta ó cóengo de Blois M. Adam<sup>2</sup> introduce comentarios como o seguinte: “Dans un serment de fidélité il ne peut être question que de soumission aux lois” (Jalabert, p. 7; Touchard-Lafosse, p. 308), pero os seus vicarios sinalan que tal carta é moi anterior ó establecemento do xuramento, e referíase ós xuramentos que se facían nas asembleas do pobo para elixir ós membros das administracións (Lettre, p. 55). En todo caso, o bispo de Blois publicou distintas cartas pastorais desautorizando as disposicións da Asemblea Constituínte (Dufort, t. 2, p. 41), negouse a xurar a Constitución civil do clero, e como consecuencia foi nomeado en decembro de 1790 un novo bispo de Blois, Henri-Grégoire, que chega á diocese a finais de marzo de 1791. Durante este intervalo Thémînes permanece no pazo episcopal, paga débedas, vende algúns dos seus bens, e xunto ó clero refractario mantén o culto en conventos e en oratorios de casas particulares (Gallerand, p. 156, 166). Como consecuencia, os xacobinos alentán as revoltas en Blois contra el (Dufort, t 2, p. 50), e o directorio do departamento o 7 de abril dálle un prazo dun día para abandonar Blois, e dous para saír do departamento. Comeza así en abril de 1791 o exilio do Bispo de Blois.

Ó marchar de Blois, Themines diríxese a Chambéry, capital de Savoia, onde publica unha longa carta pastoral (Lauzières de Thémînes, 1791), con duros ataques a Mirabeau, ó deputado xansenista Armand-Gaston Camus e ó bispo Grégoire. Dende aquí pasa a España, establecéndose en San Sebastián, onde xa estaba en novembro de 1791 e coincide con Charles-Auguste Le Quien de La Neufville, bispo de Dax. A escolla deste país para o seu exilio foi debido a tratarse dun país católico, segundo confesou en 1798 en carta ó bispo de Ourense Quevedo y Quintano (Bedoya, p. 246), carta na que se gaba das moitas amizades en Alemaña, Inglaterra e Portugal que estarían dispostas a darlle acubillo, así como dos seus coñecidos españois, o Príncipe Masserano, embaixador de España primeiro en Inglaterra e posteriormente en París, Eugenio Izquierdo<sup>3</sup> e Pablo de

<sup>2</sup> O cóengo Adam, superior dos carmelitas de Blois, foi nomeado posteriormente por Thémînes coma un dos seus vicarios xerais clandestinos (Gallerand, p. 90)

<sup>3</sup> Eugenio Izquierdo de Ribera y Lazaún (1745-1813) foi director do Real Gabinete de Historia Natural á morte de Pedro Franco Dávila, aínda que ó tempo desenvolveu distintas actividades económicas e políticas. Coñecedor da industria de laminado de cobre, tivo unha bolsa da Marina para viaxar por Inglaterra e Francia, onde debeu coñecer ó bispo de Blois. Foi responsable da posta en marcha da fábrica de laminado de cobre en Xuvia (Bello Platas, p. 28-29), encontrándose en Ferrol en 1790 onde permaneceu ata 1805.

Olavide. Na estancia en San Sebastián tivo diferencias co bispo de Pamplona, Esteban Antonio Aguado Rojas, xa que este acatou a decisión de Floridablanca que non permitía ós prelados galos a predicación e a intervención en actos litúrxicos públicos, e as ordes do primado Lorenzana de impedir a ordenación de sacerdotes franceses. A lixitiosidade de Lauzières de Thémynes fixo que Lorenzana suavizase estas medidas temporalmente (Gutiérrez García-Brazales, p. 170-172). Durante a súa estancia en San Sebastián publicou unha pastoral con críticas ó Papa pola súa actitude fronte á Revolución (Goñi, p. 338). No seu desterro o bispo de Blois, como outros membros do clero<sup>4</sup>, non abandonará a súa militancia relixiosa e política, imprimindo pastorais e enviando cartas manuscritas ós seus fieis, que se introducían en Francia a través de comerciantes galos que viaxaban a España (Delbrel, p. 469, p. 471).

As tensións entre España e Francia e o posible enfrontamento entre os dous países, xunto coa acollida do bispo de Ourense ó clero exiliado, deberon encamiñar ó bispo de Blois cara a Galicia, onde se encontra a finais de 1792. El mesmo, anos máis tarde, explicara nunha carta ó bispo de Ourense as razóns que lle trouxeron aquí: "...con motivo de tener salida siempre por mar y ver la guerra contra la Francia y los franceses de mas lejos" (Bedoya, p. 242). Entra por mar en Ferrol onde o reciben un abade, posiblemente o prior de San Martiño de Xuvia Francisco Vicente García, e Eugenio Izquierdo "mui conocido mio desde París" (Bedoya, 242). De aquí desprázase á Coruña, Santiago e Ourense, aínda que establecerá a residencia en Pontevedra, pero con longas estancias en Ourense (Bedoya, p. 260).

En 1801 a sinatura do Concordato entre Bonaparte e Pio VII encontrará a oposición tanto de bispos constitucionais como refractarios pola requirida dimisión de todos os bispos, a reorganización das dioceses, o nomeamento dos novos bispos por Napoleón, e a obriga de prometer fidelidade ó poder civil. Entre o clero francés en España houbo dúas posicións, os adversarios e os partidarios do sometemento ó goberno da República. Thémynes formará parte dos primeiros e nunca renunciará ó bispado de Blois, suprimido pola reorganización napoleónica, con este título asinará todos os seus escritos, e aínda en 1823 cando se restitúe esta sé episcopal protestará polo nomeamento do novo bispo (Rabouin, p. 77). En

---

<sup>4</sup> A persistente militancia antirrevolucionaria de moitos bispos foi notoria, e as relacións mantidas entre eles en España son coñecidas. De feito, parece que cara a 1795 se formou unha asociación para resucitar a Compañía de Xesús, que tivo numerosos membros en Ourense, Astorga e outros lugares (Delbrel, p. 474)

abril de 1802 a publicación da lei que introducía en Francia o réxime concordatario, leva a Thémínes a dirixir unha carta a Pío VII asinada en Pontevedra en outubro de 1802, presentando as súas queixas as novas disposicións que restrinxían os dereitos da igrexa galicana. Unha tradución francesa da carta (Lauzières de Thémínes, 1803) é publicada en Londres. Nese mesmo ano o bispo refractario é un dos trinta e oito asinantes das *Réprobations canoniques et très-respectueuses... contre differens actes relatifs à l'Église Gallicane* dirixidas ó pontífice romano, tamén editadas en Londres en 1804, manifesto que mostra que os bispos exiliados en distintos países tiñan relacións fluídas. De feito un escrito do bispo Asseline de 1795 ó bispo de Perpignan indicaba a orde de circulación do seu escrito entre os bispos e o emprego de formas seguras ata que o escrito chegase a el coas sinaturas correspondentes (Brye, p. 621). Por estes anos Thémínes debeu estar en Roma xa que Touchard-Lafosse (p. 260) sinala telo visto a miúdo nesta cidade doce anos despois da súa emigración. Mentres tanto en Blois os curas disidentes da Constitución civil do clero e do Concordato, organizaron comunidades de culto clandestinas que recoñecían a Thémínes como o seu bispo. Estas comunidades tiveron presenza en moitos departamentos franceses, constituíndo o que se coñece como a *Petite Église*, que non admitía á supresión de xurisdición ós bispos por parte de Roma, nin mais autoridade que a do rei.

Ó tempo a alianza de Godoy coa Francia napoleónica traerá a Thémínes novos problemas. Napoleón non estaba disposto a tolerar que os bispos exiliados inundaran de escritos as dioceses francesas, especialmente Coucy<sup>5</sup> e Thémínes. Ata en 3 ocasións nos anos 1803 e 1804 pide a España o seu arresto, a incautación dos seus papeis e entrega ás autoridades francesas, aínda que podería consentir que non se entreguen a Francia se son encarcerados en presidios españois de África (Le Poitevin, p. 8). Finalmente Carlos IV obrigará a aloxar ós bispos exiliados en conventos lonxe da fronteira francesa. Aínda que o bispo de Ourense intercederá para que isto non ocorra, non o conseguirá, e Thémínes remata en 1804 recluído no convento franciscano de Limia (Bedoya, p. 86), estancia financiada en parte por Quevedo Quintano, en parte polo propio Thémínes.

Coa invasión francesa en 1808 a Xunta Suprema de Galicia concede a Blois permiso para vivir en calquera cidade do Reino de Galicia, e tamén lle proporciona pasaporte (Mejjide Pardo, p. 71). Thémínes abandona Galicia para instalarse en Londres. As Illas Británicas recibiran un importante número de membros

---

<sup>5</sup> Jean-Charles de Coucy (1746-1824), bispo de La Rochelle, exiliouse en España. Coa restauración borbónica volve a Francia, e é nomeado Arcebispo de Reims.



da igrexa francesa, especialmente despois da Constitución civil do clero, e en Londres residía un número considerable de bispos, todos ardentes defensores da monarquía borbónica. Os exiliados podían alí exercer a predicación e dispoñían da capela francesa de King's Street, onde nas festas se sentaban a aristocracia francesa, os bispos e o clero, cun asento reservado para Louis XVIII, "symbole de la vieille union du trône et de l'autel" (Latreille, p. 165). Nesta cidade desenvolvíase un labor propagandístico salientable, xa que alí se imprimiron abundantes textos do clero anticoncordatario como os de Pierre-Louis Blanchard, do bispo de Narbonne Arthur Richard Dillon, do bispo de Boulogne sur-mer Jean-René Asseline, do bispo de Uzès Henri Benoît Jules de Béthizy de Mézières, e do propio Thémines durante a súa estancia en España, como vimos. Londres era o centro da oposición político-relixiosa francesa.

En Londres Thémines en 1811 da ó prelo cinco cartas, enviadas a Tayllerand, e dirixidas a Napoleón, a Pio VII, ó concilio de París, e ós fieis de Blois, cartas que foran enviadas a finais de 1809 e 1810. Na carta a Napoleón, un texto laudatorio<sup>6</sup>, parece disposto a recoñecelo como soberano, sempre e cando a el se lle recoñezan os seus poderes e a súa xurisdición (*Ami*, p. 210). En 1814 Louis XVIII permite a volta do clero exiliado, cando xa mais da metade dos bispos expatriados morreron. Dos bispos asinantes da Réprobations de 1803 todos volveran a Francia nos anos 1815 e 1816, agás Thémines que permanece en Londres, xa que para el non é suficiente a restauración da monarquía, senón que é preciso tamén a enteira restauración da relixión (Jervis, p. 395). Será entón cando se converta na autoridade da *Petite Église*, alentado polos clérigos mais radicais como o Abbé Blanchard: "...Mgr. de Thémines nous reste et il a le droit d'accorder des pouvoirs aussi étendus, à raison de l'universallité de sa juridiction" (Drochon, p. 167). A negociación do concordato de 1817 supoñerá novas divisións entre os bispos, tanto dos nomeados por Napoleón como dos que non renunciaran as súas sés e vivían no exilio. En 1819 o bispo de Blois publica un novo folleto con tres cartas ó rei Louis XVIII, nas que sigue mostrando o seu desacordo co concordato de 1801 e de 1817 (*Ami*, 1819). Continua escribindo cartas pastorais, como as de 1826 e 1829 con motivo do xubileo (Chesneau, p. 38), así como outros textos que constituían o seu testamento espiritual (Duc, p. 41).

---

<sup>6</sup> No conseguimos consultar este texto, xa que a tirada deste impreso parece que foi practicamente queimada enteira polo propio libreiro dado o perigo que supoñía para a causa borbónica (Biographie, p. 21-24). Pero podemos aproximarnos ó seu contido polos comentarios a estes textos no *Rapport* (1812) e en *L'Ami de la religion et du Roi* (1819).

En 1829 Thémimes está en Bruxelas, onde fora ó parecer por “asuntos privados” (Duc, p. 41). Alí morrerá o 2 de novembro. Todas as fontes indican que na súa confesión final sométese a Roma para obter a absolución. No seu testamento non esquecía á diocese de Blois e legaba 25.000 francos ó seu hospicio.

### AS COLECCIÓN DO BISPO DE BLOIS

Lauzières de Thémimes formou no palacio episcopal de Blois unha importante biblioteca. Resultan plausibles as verbas atribuídas a el por Touchard-Lafosse: “J’avais voulu, par leur choix [dos libros], me mettre à même de pouvoir rapprocher et comparer tout ce qu’il a été émis dans le monde de pensées, d’opinions, de systèmes, sur tout ce qui exerça jusqu’à nos jours le intelligence humaine” (p. 268), mostrándonos así un bispo que coma bo fillo do século XVIII aspira a un coñecemento enciclopédico.

Thémimes foi un importante coleccionista tanto de obras de arte coma de libros. As coleccións artísticas estaban formadas por cadros, debuxos, bronzes, estatuas, columnas de mármore, etc., moitas mercadas en Italia (Larré). A biblioteca, de acordo a Dufort (t. 1, p. 430) estaba constituída por dúas coleccións, unha formada por 60.000 volumes “de tout ce qu’on peut connaître”, e outra de 12.000 volumes formada por raras e extraordinarias edicións, entre elas de autores clásicos saídos das prensas de Aldo Manucio, Plantino, Blaeu, Baskerville ou Didot, coleccións de libros ingleses, italianos e españois, e coleccións de folletos sobre as asembleas nacionais (Dupré, p. 34, 37, 52). Aínda que as cifras proporcionadas por Dufort poden ser algo esaxeradas, a separación dos libros raros dos restantes fondos mostran un Thémimes bibliófilo que, como tantos outros, formaba un gabinete especial de libros raros e grandes edicións separados dos fondos xerais da súa biblioteca. A selección dos seus libros, como fixeron tantos bibliófilos, baseouse nas fontes de información do momento, parece que especialmente na obra de François Guillaume Debure (Guignard, p. 12), unha obra que se propoñía no seu discurso preliminar ofrecer as mellores edicións de obras “ordinarias” en cada materia e un corpo completo de libros raros e singulares (Debure, p. VIII).

Malia a posesión destas importantes coleccións, Thémimes sufriu grandes problemas económicos, dos que se queixa con amargura nas cartas á súa nai, que non se solucionarán ata 1784 cando morre o seu irmán, e posteriormente por outras herdanzas (Larre, p. 56). Así para a construción das súas coleccións e as súas viaxes houbo de recorrer ós préstamos. A partir de 1768 o seu amigo Sabran, bispo de Laon, fináncialle as estancias no estranxeiro e as compras de libros e

obras de arte. En 1780 para amortizar a débeda pendente establece a cesión á súa morte do seu museo e biblioteca ó seu mecenas (Guignard, p. 9). Na documentación desta cesión consérvase unha relación de obras da biblioteca, moi inferior en número da sinalada por Dufort (Larre, p. 67, n. 39).

En 1791, durante o seu exilio en España, fai unha venda das súas coleccións artísticas a Louis-Jean-Marie de Bourbon, duc de Penthièvre, un gran coleccionista e bibliófilo. A venda parece ter sido ficticia xa que o importe de 100.000 libras so se pagaría a Thémynes á morte do Duque (Cahen, p. 172), o que parece indicar que se trataba dunha medida para evitar a confiscación da colección, o que finalmente ocorrería en 1794 (Larre, p. 62).

Non cabe dúbida do uso dos libros feito polo bispo, xa que a súa lectura nutría as abundantes fontes citadas nos seus escritos e cartas pastorais. Algunhas destas citas referíanse á autores clásicos como Antístenes ou Tácito; ós pais da Igrexa Agostiño de Hipona, Tertuliano, Atanasio de Alejandría, Jerónimo de Estridón; ó cronista do século XV Enguerrand de Monstrelet, ó humanista Carolus Sigonius; ós filósofos Maquiavelo, Thomas Hobbes, e David Hume, ó teórico do absolutismo Jean Bodin, ó xurista e orientalista Samuel Petit, ó fundador do galicanismo Bossuet, ó xansenista Pierre Nicole e ó xesuíta Philippe Labbé, ó teólogo Fénelon, ós historiadores Philippe de Commines, François de La Nouë, François Etudes de Mézeray, Pierre de la Marca, Claude Fleury, Gilbert Burnet, e ós seu contemporáneos Jean Jacques Garnier, Montesquieu, Rousseau, Bonnot de Mably, Sylvain Bailly, Jean-Louis de Lolme, William Robertson, e George Washington.

A biblioteca de Thémynes, xunto cos fondos das bibliotecas monásticas, constituirá o xerme da Biblioteca pública de Blois, aínda que os fondos foron espoliados previamente e sufriron considerables perdas polas condicións do seu almacenamento nos celeiros do bispado (Dupré, p. 8). Abriu ó público en 1799 no propio pazo episcopal, entón sé da prefectura. A identificación dos libros de Thémynes levada a cabo ata o momento pola Biblioteca de Blois, é de algo máis de 8.000 volumes (Guignard, p. 18).

## OS LIBROS VENDIDOS

Cando Thémynes se exilia en España veu acompañado dunha colección de libros, posiblemente mercados en Francia na súa viaxe cara España ou ben adquiridos dende España, xa que as fontes sinalan que saíu de Blois sen nada. Quevedo y Quintano refírese a “...una porción de libros, que le llegó, según entiendo de

una librería, que tomou despois de aver perdido a súa”.<sup>7</sup> Descoñecemos a quen e onde mercou estes libros Thémínes, pero en eles figuran distintos ex libris de anteriores procedencias, signos da abundante transferencia de libros dunha biblioteca a outra. Entre os libros que achegou o bispo de Blois á Universidade compostelá están como anteriores propietarios importantes coleccionistas, tal e como o Arcebispo de Tours Blouet de Camilly (1664-1723), cuxa biblioteca se vendeu en París en 1726, Antoine Moriau (1699-1755), que legou a súa biblioteca a cidade de París, ou Louis Camille de Lorraine, Príncipe de Marsán (1725-1780).

En 1793 o bispo de Ourense diríxese ó Consello de Castela, comunicando que moitos dos libros de Thémínes eran obras prohibidas en España, e solicita que se lle permita a el a súa compra e a separación e expurgo dos prohibidos. A solicitude de Quevedo y Quintano vai acompañada da lista destes libros e foi aprobada polo Consello<sup>8</sup>. Pero realmente non debeu callar a venda. Nunha carta de Thémínes de 30 de outubro de 1798 ó bispo de Ourense (Bedoya, 242-250) sinala que na súa primeira visita a Ourense lle informara que pensaba xa vendelos: “V.I. informado que tenía libros para vender me ofreció de comprarlos”, ó que o bispo francés contestaralle que tal venda non quería facela naquel momento. Mais de dous anos despois, “teniendo gana de salir de España” Thémínes recórdalle a oferta, ó que o ourensán responde que o bispo francés lle acepte os cartos, pero mantendo os seus libros, e envíalle quince mil reais. Ó final o asunto da venda rematou con certas friccións entre ambos, pola devolución dos cartos. Mentres tanto xurdiu un novo comprador para os libros, Pedro Acuña e Malvar, nestes anos membro da Cámara de Castela, aínda que finalmente á venda tampouco callou.

Comparando a lista dos libros vendidos á Universidade de Santiago coa presentada á Inquisición, observamos que Thémínes non inclúe na venda unha trintena de títulos, obras de Agustín de Hipona, Anacreonte, Aristófanes, Cicerón, Plinio o Xove, a obra de Maquiavelo sobre Tito Livio, a Biblia de Henri-François de Vence, os sermóns de Louis Bourdaloue, as *Lettres Provinciales de Pascal*, os ensaios sobre España de Jean-François Peyron, e algúns libros de memorias e biografías. Destacar entre os reservados os catro volumes do catálogo de venda da biblioteca do duque de La Vallière, considerada a mellor biblioteca privada de Francia, e que saíra á venda en 1783. Testemúñase de novo a bibliofilia de Thémínes, xa que estes catálogos, ademais de instrumento para as poxas de libros, eran empregados polos coleccionistas como obras de formación.

---

<sup>7</sup> AHN, Inquisición, mazo 2.938

<sup>8</sup> AHN, Inquisición, mazo 2.938

Non sabemos exactamente cando o Bispo se puxo en contacto, mediante un intermediario, coa Universidade de Santiago, pero o 5 de xullo de 1796 a Comisión da Biblioteca Universitaria<sup>9</sup> ve a lista dos libros do bispo de Blois coa taxa feita por Antonio de Sancha, que por estes anos era provedor de libros da Biblioteca universitaria, e realizaba para ela traballos de encadernación e de redacción de índices. A comisión comunica a Thémines o prezo da taxa para saber se está disposto a vendelos nese importe ou ben comunicar á Universidade o prezo en que os deixa. Na xuntanza da Comisión de setembro de 1797 acórdase a compra dos libros “en los diez y seis mil reales en que se hallan apreciados”<sup>10</sup>, e en xaneiro de 1798 a colección xa chegara á Biblioteca. Como era preceptivo, de acordo ás Constitucións desta biblioteca, o bibliotecario Pedrosa realiza un índice dos libros recibidos que presenta na xunta de 19 de outubro de 1798.

Esta relación de libros de Thémines<sup>11</sup> contén 292 rexistros bibliográficos, cun número algo maior de entradas posto que algúns están duplicados en distintos lugares do índice, e tamén de títulos, xa que algúns están encadernados xuntos e no listado redactado por Pedrosa figuran no mesmo rexistro. O número de volumes é de 819. Inclúe impresos dos séculos XVI, XVII e XVIII, editados en Francia, Holanda e Inglaterra, e en menor medida en Bélxica, Suíza, Italia e Alemaña. De todas formas, debe advertirse que moitos datos de edición son falsos, especialmente moitos libros con pe de imprenta en Londres, pero realmente impresos en Francia, ou con pé de imprenta ficticio como o exemplar da obra de Velthuysen sobre Hobbes “*imprimé dans le Monde*”.

O índice, ademais dos datos habituais (autor, título, lugar e ano de edición, formato e volumes) inclúe tamén en moitos casos a signatura do libro na Biblioteca compostelá que se corresponde ca orde de materias en que os fondos estaban organizados. Sen embargo hai rexistros que carecen de signatura, xeralmente marcados ó seu inicio cun punto ou unha cruz, reveladoras de sospeitas sobre a súa ortodoxia que tivo o bibliotecario Pedrosa e das prácticas de censura aplicadas á entrada dos libros na Universidade. É posible que o bibliotecario traballara co índice inquisitorial de 1790 ó lado, e marque cunha cruz os fondos prohibidos. Algúns dos sinalados con punto non aparecen explicitamente nos índices de prohibidos inquisitoriais, pero ó bibliotecario aplicaríase tamén as Regras xerais do

---


<sup>9</sup> AHUS, Universidade, Serie Histórica, mazo 67.

<sup>10</sup> AHUS, Universidade, Libro A 57, fol. 335.

<sup>11</sup> AHUS, Universidade, Serie Histórica, mazo 534

índice e uniunos ós títulos literalmente prohibidos, entre eles o *Tractatus* de Spinoza, e a recompilación de textos sobre Jean-Martin de Prades Todos eles incorporáronse ó primeiro Índice de libros prohibidos na Universidade que foi pechado en xaneiro de 1801<sup>12</sup>. Pero outros libros de Thémines, tanto dos sinalados con punto como dos que teñen signatura nos andeis da biblioteca, incorporáronse posteriormente ó cuarto de prohibidos universitario, por exemplo os vinte e oito volumes da *Bibliothèque* de Jean Le Clerc, como pode verse no segundo índice de prohibidos de 1804-1805.<sup>13</sup>

Na análise das materias dos libros temos en conta, alí onde existen, as signaturas dos libros indicadas no índice para a adscrición temática dos rexistros que incluímos a continuación, xa que reflicten a orde do coñecemento vixente na biblioteca universitaria a finais do século XVIII. Esta orde, xa analizada (Varela, p. 177-215), correspóndese coas grandes clases habituais no Antigo Réxime, que foran deseñadas polos libeiros parisienses a principios do século XVIII para a ordenación dos seus catálogos de vendas. Os rexistros dos libros procedentes de Thémines distribúense nas clases principais como pode verse no gráfico seguinte:



## LIBROS TEOLÓXICOS E XURÍDICOS

Nos libros vendidos polo bispo de Blois algo mais dun 10% corresponden ós fondos teolóxicos. Entre eles atopamos algúns textos bíblicos como o primeiro volume dunha Biblia (París, 1767), o dicionario da Biblia (París, 1730) e a historia do Antigo e Novo Testamento (París, 1737), as tres obras do bieito Agustin Calmet; a magnífica edición do Novo Testamento grego de Robert Estienne (París, 1568); unha Biblia francesa protestante (Leiden, 1665); e a edición do Novo Testamento de Port Royal (Mons, 1668). Chega tamén entre estes libros a única edición existente nos fondos históricos da Universidade do texto sagrado do hinduísmo Bhagavad-gītā (Londres, 1787).

Dentro das polémicas vividas por Thèmines están algúns textos saídos da man dos bispos franceses, como as cartas pastorais de César-Guillaume de La Luzerne, e Jean George Le Franc de Pompignan, ou encargados pola Asemblea do clero, como a continuación das *Conférences d'Angers* de Jacques-Pierre Cotelle de la Blandiniere (París, 1787).

Outros textos deste apartado pasaron a formar parte dos fondos universitarios de teoloxía polémica, como a obra do teólogo bizantino Nilo Cabasillas (Leiden, 1595) que negaba a primacía papal; as defensas da relixión católica de Pierre Charron (París, 1595-1602) e de Jean Pey (París, 1771); a historia do fanatismo de David Augustin de Brueys (Utrecht, 1737); o tratado do cisma de Jacques Longueval (Bruxelles, 1718); a obra apoloxética de Adrien Lamourette (París, 1786); os combates contra Spinoza de Isaac Jacquelot (A Haia, 1697) ou contra Rousseau de Henri Griffet (Liexa, 1771). Thèmines vendeu tamén a rara edición en España do preadamita Isaac de La Peyrère (S. I., 1655), a do deísta Arthur Ashley Sykes (Ámsterdam, 1742); e o exame crítico das relixións monoteístas e a defensa da relixión natural do xacobino Anacharsis Cloots (Londres, 1780).

Os fondos xurídicos constitúen unha reducida parte da colección de Thèmines, pero a súa entrada na Biblioteca foi interesante para a Universidade, xa que achega a edición máis antiga que posúe de *De Iure Belli ac Pacis* de Hugo Grotius (Ámsterdam, 1712) e a máis antiga do *Traité des délits et des peines* de Beccaria (París, 1773), que inclúe o comentario de Voltaire á obra. Pero a maioría dos libros que vende o bispo de Blois son textos de dereito eclesiástico que reflicten a discutida primacía entre o Papa e os bispos, como unha edición de *De Statu Ecclesiae* do episcopalista alemán Febronius (Buillon, 1765), a defensa dos bispos de Pierre Corgne (París, 1762), a apoloxía contra Febronio do defensor da primacía papal Viator de Coccaleo (Venecia, 1775), e a obra de Victor Amédée Soardi en defensa do recoñecemento da primacía do Papa por parte do clero francés (Avignon, 1747).

## OS LIBROS DE CIENCIAS E ARTES

Baixo está denominación estaban na clasificación dos libreiros de París, e tamén na Biblioteca da Universidade de Santiago, os libros de filosofía, política, economía, ciencias e artes. Tampouco Thémynes nesta clase achegou moitos libros ás coleccións universitarias, xa que so un escaso 9% dos libros vendidos formaban parte desta clase. Entre as que chegaron da súa procedencia están tres traducións de Platón ó francés feitas por Jean Grou, da República (París, 1762), as Leis (Ámsterdam, 1769) e os Diálogos (Ámsterdam, 1770), pero sobre todo compre destacar que chegaron obras de singular importancia para as coleccións da Universidade, que son hoxe as edicións máis antigas dos seus autores na biblioteca, cando non únicas. Entre elas a única edición que existe nos fondos históricos da Universidade da obra sobre a república de Jean Bodin (Londres, 1756), de Montaigne a única edición antiga existente do *Journal du voyage* (Roma, 1774), a impresión mais antiga nos fondos universitarios dos *Essais* (Londres, 1724), e a única edición existente con anterioridade ó século XIX do *Tractatus theologico-politicus* de Spinoza, co título *Reflexions curieuses d'un esprit des-interessé sur les matieres les plus importantes au salut, tant public que particulier* (Colonia, 1678). De terse conservado a edición de De cive de Thomas Hobbes (Ámsterdam, 1696), xa desaparecida no segundo Índice de prohibidos da Biblioteca de 1804-1805, estaríamos tamén ante a única obra deste autor impresa antes do século XIX na Universidade. Mellor destino lle agardou ás obras completas de Helvétius cuxos catro volumes seguen hoxe na Universidade na súa primeira edición (Lieja, 1774).

Thémynes vendeu tamén, entre outras obras filosóficas, un tratado en defensa de Hobbes do teólogo protestante holandés Lambert Van Velthuysen (Ámsterdam, 1651); dúas obras do libertino Giulio Cesare Vanini, ambas primeiras edicións (Lyon, 1615, París, 1616); a do libertino Adrian Beverland (S.I., 1740); unha rara recompilación da tese, censuras, etc de Jean-Martin de Prades (S.I., 1753); e unha historia da filosofía do filósofo francés Boureau-Deslandes (Ámsterdam, 1737-1756).

Os fondos científicos limítanse aquí á tradución ó francés do orientalista Lefebvre de Villebrune das *Noticias americanas* de Antonio de Ulloa (París, 1787).

## LIBROS DE BELAS LETRAS

Os fondos desta clase vendidos por Thémynes, algo máis do 18% da colección, son fundamentalmente obras literarias, cunha importante representación de clásicos gregos e latinos. Entre os primeiros están a versión latina de François-Joseph Desbillons das fábulas de Esopo (París, 1759); as traducións francesas de



Jean-Jacques Lefranc, marqués de Pompignan, das traxedias de Esquilo (París, 1770), de Louis Poinciset de Sivry do teatro de Aristófanes (París, 1784), a do teatro de Sófocles de Guillaume Dubois de Rochefort (París, 1788), e a de Athanase Auger das obras completas de Isócrates (París, 1781).

Mais abundantes son os autores latinos, en parte en versións francesas. Entre elas, a edición latina *ad usum Delphini* das obras de Ciceron (París, 1740-1742); as obras de Claudiano (Ámsterdam, 1665) saídas da imprenta dos Elzevir; as traducións francesas de Alexandre-Frédéric-Jacques Masson de Catulo, Tibulo y Galo (Ámsterdam, 1771), das sátiras de Juvenal de Maupetit (París, 1779), a das Xeórxicas de Virxilio (París, 1770), das obras de Luciano traducidas por Jacques Nicolas Belin de Ballu (París, 1788); e a edición bilingüe latín-francés de Alexandre Guy Pingré da poesía de Marco Manilio e Cicerón (París, 1786).

Entre as edicións latinas está a das *Noites áticas* de Aulio Gelio na edición *cum notis variorum* (Lyon, 1706). Pero sobre todo hai que destacar o conxunto de libros da colección de clásicos impresa por Baskerville: *as Bucólicas, Xeórxicas* e a *Eneida* de Virxilio (Birmingham, 1757), primeiro traballo deste impresor; a edición das sátiras de Juvenal e Aulo Persio Flaco (Birmingham, 1761), as obras de Horacio (Birmingham, 1770), *De rerum natura* de Lucrecio (Birmingham, 1770), as obras de Catulo, Tibulo e Propercio (Birmingham, 1772), as comedias de Terencio (Birmingham, 1772), e as obras de Publio Terencio Africano (Birmingham, 1772).

Outro grupo de libros desta clase está formado por recompilacións de obras de autores franceses do século XVI ó XVIII, algunhas edicións únicas nos fondos históricos da Universidade: Clément Marot (A Haia, 1731), Marc-Antoine Muret (Rouen, 1607), Mathurin Régnier (Londres, 1733), Jean La Fontaine (A Haia, 1738), Boileau-Despréaux (Ámsterdam, A Haia, 1729), Guillaume Amfrye Chaulieu (A Haia, 1774), Antoine Houdar de La Motte (Ginebra, 1767), Charles Pierre Colardeau (París, 1779), Alexis Piron (París, 1776), Germain-François Poullain de Saint-Foix (París, 1778), e Jean-Jacques Lefranc, marqués de Pompignan (París, 1784).

Tamén posuía Thémines edicións de obras individuais de autores franceses: as *Cartas persas* de Montesquieu (Ámsterdam, 1761), a *Henriade* de Voltaire (París, 1783), os novos contos morais de Marmontel (París, 1788), as primeiras edicións dos *Amusements* de Charles Rivière Dufresny (París, 1699), do poema *L'Agriculture* de Pierre Fulcrand de Rosset (París, 1774) e do poema pastoral *Les Mois* de Antoine Roucher (París, 1779), así como unha edición latina das fábulas de La Fontaine (Rouen, 1775).

Entre os fondos de Belas Letras colocou o bibliotecario Pedrosa a obra *Le temple de muses* (Ámsterdam, 1742), cuxo texto explicativo das fábulas é de La Barre de Beaumarchais, pero especialmente coñecido polos seus gravados de Bernard Picart, non localizado hoxe no catálogo da Universidade. Chegaron tamén desta procedencia os *Principes de la littérature* de Batteux (París, 1764).

Moita menor representación teñen nesta colección os autores non franceses, entre os que hai que destacar os poemas de Hugo Grocio (Ámsterdam, 1670) e os de Daniel Heinsius (Ámsterdam, 1649). Sinalar tamén unha edición facticia do texto de Cavanilles sobre o artigo de España da *Encyclopédie* (París, 1784), colocado polo bibliotecario entre os autores polígrafos.

### LIBROS DE HISTORIA

Os libros de historia representan un 58% da colección achegada por esta compra, un conxunto de libros no que están presentes os clásicos, especialmente latinos, algunhas obras de historia universal, un bo número de historias nacionais de distintos países, a historia eclesiástica, os libros de viaxes, e a historia literaria.

Entre os fondos de historia da Biblioteca da Universidade compostelá, na subdivisión de xeografía, situábanse os libros de viaxes, foran estes reais ou imaxinarios, seguindo a clasificación dos libreiros de París. Thémines parece ter sido un bo coleccionista deste xénero de libros, se atendemos ós fondos da súa procedencia hoxe existentes na biblioteca de Blois (Guignard). A compra dos libros de Thémines achegou algúns títulos á colección desta literatura de grande interese dende a Idade Media, pero dun modo especial no século XVIII, no que servía de formación antes de realizar o *Grand Tour*, pero tamén de fonte de información sobre moi variados asuntos (costumes, lugares, monumentos, historia natural, etc.). De feito, unha grande parte da colección do bispo de Blois recolle viaxes científicas, ás veces tamén con intereses comerciais, de xeógrafos, naturalistas, etc. alemáns, ingleses, franceses e italianos. Entre os libros que achegou á Biblioteca universitaria están a viaxe de 1760 a Londres, Portugal, España e Francia do ilustrado italiano Giuseppe Marco Antonio Baretta (Ámsterdam, 1777), a viaxe a España e Portugal do maior William Dalrymple (París, 1783), e a viaxe feita a Portugal e España por Richard Twist (Berna, 1776). Tamén figuran no índice de libros procedentes do bispo de Blois a segunda edición da viaxe de Tournefort ó Levante (Lyon, 1717)<sup>14</sup>; a viaxe a América do comerciante George Dixon (Pa-

<sup>14</sup> Esta segunda edición dos libreiros Anisson et Possuel, con magníficos gravados en cobre, foi impresa en tres volumes no mesmo ano que a primeira (París, 1717).

rís, 1789), a viaxe a Siberia do naturalista alemán Johann Georg Gmelin (París, 1767), os dous libros do naturalista e xeógrafo alemán Carsten Niebuhr sobre a súa viaxe a Arabia (Ámsterdam, 1774 e 1776-1780), a viaxe a Arxelia do naturalista francés Jean Louis Marie Poiret (París, 1789), a ficticia viaxe a Alemaña de Johann Kaspar Riesbeck (París, 1788), en realidade unha análise das diferencias da Ilustración en Alemaña e Francia, pero incluída por Pedrosa nos fondos históricos, as viaxes a Sicilia e Turquía (París, 1789) e a viaxe a Grecia (Londres, 1789) do naturalista e numismático italiano Domenico Sestini, e a novela de Laurence Sterne *Viaxe sentimental* (Neuchatel, 1776).

De Thémines chegaron á Universidade, entre outras obras de historia eclesiástica, trinta e sete volumes da historia eclesiástica de Fleury (París, 1722-1746), as dos xansenistas Bonaventure Racine (Colonia, 1762-1767), e Louis Ellies Dupin (París, 1726), e as dos protestantes Johann Lorenz von Mosheim (Yverdon, 1776) e Basnage de Beauval (Róterdam, 1769); un estudo sobre as relixións do mundo do ultraortodoxo Alexander Ross (Ámsterdam, 1668); a historia da Reforma de Sleidanus (A Haia, 1767) e a primeira edición da historia das igrexas reformadas francesas de Théodore de Bèze (Ginebra, 1580); a historia do maniqueísmo de Isaac de Beausobre (Ámsterdam, 1734); a dos concilios de Jean Hermant (Rouen, 1704), as historias dos concilios de Pisa (Ámsterdam, 1724), Constanza (Ámsterdam, 1727) e Basilea (Ámsterdam, 1731) de Jacques Lenfant; as historias dos Papas de Pons Augustin Alletz (Ámsterdam, 1776) e François Bruys (A Haia, 1732); e a historia dos cardenais de Guillaume Dupeyrat (Colonia, 1670).

Entre as obras dos historiadores clásicos, están as obras de Salustio na edición latina anotada polos humanistas Heinrich Loriti Glareanus, Aldo Manutio e Pedro Chacón, entre outros (Ámsterdam, 1742); a tradución ó francés e reconstrución das *Historiae* (Dijon, 1777) de Charles de Brosse, e a versión castelá de Manuel Sueyro (Madrid, 1786). De Tácito a súa obra latina en catro volumes editada por Gabriel Brotier (Paris, 1771), e a tradución ó francés de D'Alembert de fragmentos deste autor (París, 1784), precedida do ensaio sobre a tradución. Posuía tamén Thémines, traducidas ó francés polo hugonote Pierre Daudet, os discursos históricos e políticos sobre Salustio (París, 1759), e os discursos sobre Tácito (Ámsterdam, 1751), ambas obras do filósofo republicano escocés Thomas Gordon, de grande influencia no republicanismo inglés, americano e francés nos anos anteriores á Revolución (Gasparini, 2013, p. 2) e únicas obras deste autor na Biblioteca da Universidade de Santiago.

De Tito Livio tiña Thémines a edición de *Ab urbe condita* (Edimburgo, 1752) do filólogo e editor escocés Thomas Ruddiman. Entre estes libros vendidos á Universidade están tamén as obras de Lucio Anneo Floro editadas por Claude

Saumaise e impresas por Elzevier (Lyon, 1638), a edición de Salustio e Floro (Birmingham, 1773) saída na extraordinaria serie de textos latinos do innovador impresor John Baskerville, a tradución francesa de François Bellanger das *Antigüidades romanas* (París, 1723) de Dionisio de Halicarnaso, a tradución ó castelán de Manuel Sueyro da *Historia Romana* de Veleyo Patérculo (Madrid, 1787), e unha edición da *Historia* de Herodiano coa versión grega de Angelo Poliziano e editado por Henri Estienne (Lyon, 1624).

Entre os historiadores clásicos gregos encontramos nos fondos do bispo de Blois os seis volumes da tradución do grego ó francés do bieito de Saint-Maur Vincent Thuillier da *Historia* de Polibio, que inclúen o comentario sobre a arte da guerra de Jean-Charles de Folard (París, 1727-1730) e as arengas de Herodoto, Tucídides e Xenofonte traducidas polo helenista francés Athanase Auger (París, 1788).

Pero non son estas as únicas obras que Thémynes posúe sobre a historia de Roma e Grecia, xa que no índice que analizamos figura tamén a obra de Louis de Beaufort sobre a República romana (A Haia, 1766) e a tradución francesa do monárquico John Gilles sobre a antiga Grecia (París, 1787-1788).

Como historia universal posuía a magnífica edición en oito volumes da historia moderna de Samuel Pufendorf, aumentada por Bruzen de la Martinière (París, 1753-1789). Dos fondos históricos nacionais é a historia de Francia a mellor representada. Posúe a historia dos galos do maurista Jacques Martin (París, 1780), a historia dos celtas de Simon Pelloutier (París, 1771), a historia do establecemento da monarquía francesa de Jean-Baptiste Dubos (París, 1742), e a historia de Leonor de Aquitania de Isaac de Larrey (Londres, 1788); unha impresión de Blaeu dos textos dos cronistas franceses Jean Froissart e Philippe de Commines anotada por Johannes Sleidanus (Ámsterdam, 1656), e de Jean de Joinville a historia de San Luis (París, 1761). Sobre o reinado de Francisco I está a historia do proceso do canciller Poyet (Londres, 1776).

Un conxunto das obras históricas versan sobre as guerras de relixión e outras guerras francesas dos séculos XVI e XVII, como a tradución francesa da obras do historiador italiano Enrico Caterino Davila (Ámsterdam, 1757); a historia de Margarita de Valois (París, 1777) de Antoine Mongez; o *Journal* de Henry III (A Haia, 1744) e Henri IV (A Haia, 1741) de Pierre de L'Estoile; as memorias do duque de Sully, as dúas primeiras partes impresas con pé de imprenta falso en Ámsterdam e sen ano (probablemente Rouen, 1649), e as restantes en París (1662); as memorias de La Rochefoucauld (Colonia, 1669), as memorias de la Ligue de Simon Goulart (Ámsterdam, 1758); diversas obras sobre o cardeal Ri-

chelieu de Charles Vialart, Claude de Bourdeille, o conde de Montrésor, Charles de Montchal, e Antoine Aubéry; e dúas obras atribuídas a Condé sobre as guerras da Fronda (Londres, 1743; París, 1745), a última editada por Prosper Marchand. Ingresan tamén na Universidade con esta compra tres volumes da obra contra as reformas de Maupeou de Mathieu-François Pidansat de Mairobet e Barthélemy-François-Joseph Mouffle d'Angerville (Londres, 1775), e sete volumes das memorias de Louis de Rouvroy, duque de Saint-Simon (París, 1788-1789). Non faltan algúns libros sobre as colonias francesas en África como a obra de Demanet (París, 1767), ou sobre a Guerra dos Sete anos de Odet-Julien Leboucher (París, 1787).

Da historia de España posuía Thémimes a tradución francesa de Nicolas-Gabriel Vaquette d'Hermilly da obra de Juan Ferreras (París, 1751), o compendio cronolóxico da historia de España e Portugal de Charles-Jean François Henault (París, 1765), o estudo sobre Cisneros de Jacques Marsollier (Toulouse, 1693), e a historia do Reino de Mallorca de Vaquette d'Hermilly (Maastricht, 1777).

As historias doutros países son tamén abundantes, así como as obras sobre “outros mundos” e a cultura dos indíxenas. De Thémimes chegan á Universidade de Santiago as historias de Portugal (París, 1700, París, 1735) de Jacques Lequien de la Neufuille e de Nicolas La Clède; de Alemaña (París, 1748), do historiador francés Joseph Barre; a historia dos Países Baixos (Ámsterdam, 1737) de Jean Le Clerc; a do reino de Nápoles (A Haia, 1742) de Pietro Giannone, a de Sicilia (A Haia, 1745) de Jean Lévesque de Burigny; a obra colectiva sobre as revolucións de Hungría (A Haia, 1739); a historia de Rusia (Lyon, 1772) coas memorias de Cristof Hermann von Manstein; o libro sobre o imperio otomano (París, 1771) de Vincent Mignet; a historia de Arxelia, Túnez, Trípoli e Marrocos (París, 1757) do diplomático Jacques Philippe Laugier de Tassy; a de Chipre, Xerusalén, Armenia e Exipto (Leiden, 1724) de Dominique Jauna; a de Tonquín (París, 1778) de Jérôme Richard, e a historia dos hunos, turcos, etc (París, 1756-1758) do orientalista Joseph de Guignes. Dentro das obras cun carácter etnográfico están a historia das conquistas portuguesas en América (París, 1733) e dos costumes dos iroqueses (París, 1724) do pioneiro da etnoloxía Joseph François Lafitau, e a primeira edición da *Description de la nigritie* (Ámsterdam, 1789) do antiesclavista Antoine Edme Pruneau de Pommegorge.

A clase histórica pechábase na Universidade, como no sistema de Martin, coa historia literaria, académica e bibliográfica, as biografías e os extractos históricos. Entre os libros que entraron a formar parte desta división procedentes de Thémimes están a historia da astronomía antiga (París, 1775) e a historia da

astronomía moderna (París, 1779-1782) de Jean Sylvain Bailly. Mais numerosos foron os fondos biográficos entrados na Universidade: as memorias de Théodore-Agrippa d'Aubigné (Ámsterdam, 1731), de François de Bassompierre (Ámsterdam, 1723), e Pierre de Brantôme (Londres, 1779), de quen figuran tamén as 15 volumes de biografías de homes e damas ilustres, galantes, etc. e a súa autobiografía (Londres, 1779). Están tamén as biografías dos emperadores Antonio Pío e Marco Aurelio (París, 1769) do historiador Pierre Edme Gautier de Sibert, a do emperador Juliano (París, 1735) de Jean-Philippe-René de La Bletterie, e a vida de Fontenelle de Nicolas-Charles-Joseph Trublet (Ámsterdam, 1759).

As coleccións mais voluminosas corresponden á historia literaria propiamente dita, y entre elas destacan a terceira edición do dicionario de Pierre Bayle (Róterdam, 1720<sup>15</sup>), así como as restantes obras deste autor (A Haia, 1737), o suplemento ó dicionario de Bayle de Chauffepié (Ámsterdam, 1750-1756), e o dicionario histórico de Prosper Marchand (A Haia, 1758). De extraordinaria importancia son as publicacións do hugonote Jean Le Clerc, xa que serviron para dar a coñecer en Europa as obras de Locke. De Le Clerc chegaron á Universidade 26 volumes da *Bibliothèque universelle et historique* (Ámsterdam, 1702<sup>16</sup>), publicación que recollía varias obras de Locke (Milton, p. 453-458), entre elas o *Ensaio sobre o entendemento humano*. Do mesmo autor chegaron as publicacións *Bibliothèque choisie* en 28 volumes (Ámsterdam, 1712-1727), e 26 volumes da *Bibliothèque ancienne et moderne* (1714-1726). Outra importantísima achega ós fondos universitarios fixo Thémynes cos once volumes da historia literaria de Francia da Congregación de Saint-Maur (París, 1733-1756), e coa reimpresión da primeira edición da *Bibliothèque orientale* do orientalista francés Barthélemy d'Herbelot (Maastrich, 1776).

Un conxunto singular dos fondos históricos de Thémynes está constituído por libros do xénero das anécdotas, que ó igual que os *ana* (Thouana, Naudéana, etc.) tiveron moito éxito no século XVIII. O xénero facía referencia ós asuntos secre-

---

<sup>15</sup> Esta edición é a que figura no índice dos libros de Blois e no índice de libros prohibidos de 1804-1805, ambos redactados polo bibliotecario Pedrosa. No índice de libros prohibidos redactado polo posterior bibliotecario, Joaquín Patiño, en 1813 aparece una edición de 1702, que é a actualmente existente no catálogo da Biblioteca da USC. Ambas edicións, segunda e terceira, foron editadas en Róterdam nos anos indicados.

<sup>16</sup> Indicamos esta data que é a que aparece no Índice do bibliotecario Pedrosa, e que corresponde ó volume primeiro. Sen embargo, algúns volumes desta colección son anteriores, como os números 16 e 23 que corresponden á segunda edición de 1698. Para as edicións da *Bibliothèque* cfr. Milton, p. 470-471.

tos, inéditos, curiosos, cun sentido moralizante, establecendo un medio de tratar os temas doutra maneira que as historias ó uso (Rideau, p. 12), xa que carecía de sistematización mais ala dunha orde cronolóxica (Gossman, p. 150). As anécdotas trufaban moitas disciplinas: os textos históricos, pero tamén científicos, teolóxicos, literarios, etc. Na colección vendida polo bispo de Blois predominan os primeiros, e constitúen un fondo de 15 títulos en 21 volumes, practicamente toda a representación do xénero nos fondos da Biblioteca da Universidade.

### REFLEXIÓNS FINAIS

A incorporación de libros ou bibliotecas privadas é a orixe de moitos importantes fondos existentes hoxe nas grandes bibliotecas europeas. A transferencia de libros entre bibliotecas privadas e entre estas e as bibliotecas institucionais é constante ó longo da Idade Moderna. Nalgúns casos o ingreso é froito das doazóns, post-mortem ou en vida, ás que foron esencialmente sensibles moitos ilustrados. A incorporación de fondos privados a bibliotecas institucionais en ocasións é regulada, como ocorre, por exemplo, cos libros dos bieitos da Congregación de Valladolid, cuxos libros se integran nas bibliotecas dos mosteiros de profesión á súa morte, ou nas Constitucións da Biblioteca da Universidade de Santiago onde doazóns e almoedas son estipuladas como forma de adquisición de libros. A venda de bibliotecas, que constituirá a base dos libros postos en poxa nas almoedas e no mercado libreiro internacional, prodúcese comunmente á morte do propietario, aínda que tamén se fai en vida, xeralmente coa finalidade de financiarse, como ocorre no caso de Lauzières de Thémines.

Durante o último terzo do século XVIII a Universidade de Santiago, máis alá da incorporación das bibliotecas dos xesuítas, está somerxida na construción das súas coleccións, e xunto coas grandes doazóns, son as compras e permutas de libros as que achegan parte dos seus fondos históricos actuais. A adquisición dos libros do bispo de Blois ocupa entre estas adquisicións un importante papel.

Como a maioría dos bibliófilos, Thémines foi comprador de libros de segunda man como mostran os ex libris de distintos propietarios sobre os exemplares vendidos á Universidade. Obrigado polas circunstancias, pero dentro do marco dunha práctica habitual entre os coleccionistas, o bispo de Blois empregou a súa biblioteca para intentar pagar débedas en Francia, e usou tamén a colección de libros analizada para financiar o seu exilio. Aínda que os libros vendidos non presentan marcas de propiedade que nos testemuñen o paso polas mans de Thémines, o índice dos libros redactado en 1796 polo bibliotecario Pedrosa permite

coñecer os seus fondos A incorporación á Universidade levou a unha serie de negociacións, a pagar un alto importe por eles, e a redactar o seu índice, o que é indicativo da importancia que a Universidade outorgou a esta compra.

Non deixa de ser paradoxal que un bispo católico, a quen a conxuntura política levou á unha tenaz disidencia, sexa un dos maiores fornecedores do cuarto dos prohibidos da Universidade, e ademais o sexa con autores de primeira liña no pensamento occidental. Tan destacados como estes libros, entre os que ingresaron na Universidade obras de Hobbes, Spinoza, Locke, Helvetius, ou Voltaire, son as extraordinarias edicións de clásicos gregos e latinos, as obras literarias francesas dos séculos XVI e XVII e os libros de historia que achegou á Universidade, entre eles as moi importantes obras de historia literaria, sínteses e difusoras do coñecemento a que aspiraba a Ilustración. A cultura e o afán de saber de Lauzières de Thémines, testemuñados por todas as fontes, polas súas viaxes de formación, e polas citas nos seus abundantes escritos, están na base desta colección que posúe no seu exilio en Galicia.

## BIBLIOGRAFÍA

- Ami de la religion et de Roi; journal ecclésiastique, politique et littéraire, T. 19 (1819).
- Aston, Nigel: ‘The D’Éprémesnil of the Clergy’: Bishop Lauzières de Thémines of Blois and the Politics of Reform During the Pre-Revolution, *French History*, 19, 2, 2005, pp. 211–233. <https://doi.org/10.1093/fh/crj015>
- Bedoya, Juan Manuel: Retrato histórico del Emmo. Excmo. e Ilmo. Señor D. Pedro de Quevedo y Quintano, presbítero, Cardenal de la Santa Romana Iglesia, Obispo de Orense, con un copioso apéndice e documentos. Madrid, Imprenta que fue de Fuentenebro, 1835.
- Bello Platas, Ana Isabel: Os Reais Establecimentos de Xuvia: Recompilación Documental, Estudo Histórico e Estudo e Catalogación das moedas de Xuvia do Museo Arqueolóxico e Histórico de A Coruña”. Tese de Doutoramento da Universidade de Santiago, 2015. Dispoñible en: <http://hdl.handle.net/10347/14572>
- Bergevin, L., Dupré, A. : Histoire de Blois. Blois, Chez E. Dézairs, 1847.
- Biographie universelle ancienne et moderne ou Histoire, par ordre alphabetique, de la vie publique et privée de tous les hommes qui sont fait remarquer par leurs écrits,... Paris, Michaud Frères, 1811-1862, vol. 84.
- Brye Bernard. de: La Révolution française et l’émigration de l’épiscopat gallican: historiographie d’une absence, *Revue d’histoire moderne et contemporaine*, 40, 4, 1993. pp. 604-628; doi : <https://doi.org/10.3406/rhmc.1993.1693>.
- Cahen, Léon: La vente du “Musée” de Mgr. de Thémines, *Bulletin de la Société de l’Histoire de l’art français*, 1912, p. 171-177.



- Castellat i Pujol, María Betlem: *Revolució, Poder i Informació. El control de la informació a les Assemblees parlamentàries durant la Revolució francesa (1789-1795)*. Tese de doutoramento da Universitat Autònoma de Barcelona, 2008. Disponible en : <http://hdl.handle.net/10803/4816>
- Chesneau, Abbé: Les dissidents vendomois de la Petite Église, ChapitreXVII, *Bulletin de la Société Archéologique, Scientifique et Littéraire du Vendomois*, LXIII, 1924, 31-42.
- Debure, Guillaume-François: *Bibliographie instructive ou traité de la connaissance des livres rares et singuliers...* T. 1. Paris, chez G.-F. De Bure le jeune, 1763.
- Delbrel, J.: Le clergé français réfugié en Espagne pendant la Révolution, *Études religieuses, philosophiques, historiques et littéraires*, t. LV (1891), p. 5-38, 254-280, 452-479.
- Drochon, Jean-Enmanuel B.: *La Petite Église. Essai historique sur le schisme anticoncordataire*. Paris, Maison de la Bonne Presse, 1897.
- Dufort de Cheverny, Jean-Nicolas: *Mémoires du Comte Dufort de Cheverny...* 3<sup>ème</sup> ed. Paris, Plon, Nourrit et Cie., 1909.
- Duc, Marius: *Une mission à Rome en 1869*. Lyon: Pitrat Aîné, 1889.
- Dupré, M. A.: *Notice sur la bibliothèque de Blois*. Blois, Imprimerie E. Dézairs, 1852.
- Gallerand, J. : À l'assaut d'un siège épiscopale. Thémis et Grégoire au début de 1791, *Mémoires de la Société des Sciences & Lettres de Loir-et Cher*, 24 (1922), p. 87-167.
- Gasparini, Eric: Essai sur la réception de l'œuvre de Thomas Gordon dans la France des Lumières, *La Révolution française: Cahiers de l'Institut d'histoire de la Révolution française*, 5 (2013). Disponible en: <http://journals.openedition.org/lrf/1012>
- Goñi Gaztambide, José: La inmigración del clero francés en la Diócesis de Pamplona (1790-1801), en Primer Congreso General de Historia de Navarra. 4. Comunicaciones: Historia Moderna y génesis de la Navarra contemporánea, *Principe de Viana*, año XLIX, anejo 9, 1988, pp. 335-348.
- Gossman , Lionel: Anecdote and History, *History and Theory*, 42, 2 (2003), pp. 143-168.
- Guignard, Bruno: Les récits de voyage dans la collection Thémis à la bibliothèque Abbé-Grégoire de Blois : premiers résultats d'une enquête en cours, en *Sur les routes d'Europe et d'Asie : écrivains, marchands, missionnaires : récits de voyages, XVIe-XIXe siècles* : exposition présentée, du 1er juillet au 1er octobre 2006, Château de Valençay, Château d'Azay-le-Ferron, Salle des Augustin du Blanc. Le Blanc, Amis de la bibliothèque municipale du Blanc, 2006, p. 9-21.
- Gutiérrez García-Brazales; Manuel: *El exilio del clero francés en España durante la Revolución : (1791-1815)*. Zaragoza, [Manuel Gutiérrez García-Brazales], 2004.
- Jalabert, Jean François Joseph: *Examen des difficultés qu'on oppose à la promesse de fidélité à la Constitution*. Lyon, [s.n.], 1800.
- Jervis, William Henley: *The Gallican Church and the Revolution. A sequel to the 'History of the church of France from the concordat of Bologna to the revolution*. London, K. Paul, Trench, & Co., 1882.

- Larre, Virgine: Vendu, volé, saisi, pillé: Le «Muséum» de MGR de Thémènes ou le destin d'une grande collection au XVIII<sup>e</sup> siècle, *Gazette des Beaux-Arts*, t. CXXXII, 1998, pp. 53-96.
- Latreille Camille. Les évêques émigrés et Louis XVIII, *Revue d'histoire de l'Église de France*, t. 2, n<sup>o</sup>8, 1911. pp. 162-174
- Le Poitevin: Mgr Jean-Charles de Coucy (1746-1824). (Évêque de La Rochelle 1789-1801, Archevêque de Reims 1817-1824), *Les Contemporains* (Paris. 1892), 52 (1893).
- Lettre pastorale des vicaires généraux de M. De Thémène,..., sur l'élection du Pape Pie VII. S.l., s.n., s.a. Disponible en: <https://books.google.es/books?id=AZ5Y62nTqysC>
- Lauzières de Thémènes, Alexandre-François: Lettre pastorale de M. L'Évêque de Blois. Paris, Imprimerie de Guerbart, 1791.
- Lauzières de Thémènes, Alexandre-François: Traduction de la Lettre latine écrite au Pape par M. L'Évêque de Blois. Londres, Imprimerie de Cox, Fils, et Baylis, 1803.
- McManners, John: Church and Society in Eighteen Century France, v. 1. Oxford, Oxford University Press, 1999.
- Meijide Pardo, María Luisa: Sacerdotes franceses emigrantes durante la revolución a Galicia. Sada, Edicións do Castro, 1991.
- Milton, J. R.: Locke's Publications in the Bibliothèque Universelle et Historique, *British Journal for the History of Philosophy*, 2011, 19, 3, pp. 451-472, DOI:10.1080/09608788.2011.564845
- Mousset, Albert: Un témoin ignoré de la Révolution. Le Comte de Fernán Núñez ambassadeur d'Espagne à Paris (1787-1791). Paris, Librairie Ancienne Édouard Champion, 1924.
- Pérez González, M<sup>a</sup> de Lourdes: Índices de libros prohibidos da Universidade de Santiago, en Varela Orol, Concha, González Fernández, Martín: Heterodoxos e malditos. Lecturas prohibidas na Universidade de Santiago. Santiago de Compostela, Universidade, 2002, p. 426-494.
- Péronnet, Michel. L'Assemblée du Clergé de France tenue en 1788, *Annales historiques de la Révolution française*, 273, 1988, pp. 227-246, <https://doi.org/10.3406/ahrf.1988.1211>
- Rabouin, M.: La Petite Église dans le Vendomois, *Bulletin de la Société Archéologique, Scientifique & Littéraire du Vendomois*, 1887, t. XXVI, janvier, pp. 68-84.
- Rapport impartial sur les Six Lettres de M. De Thémènes... Londres, Imprimerie de Schulze et Dean, 1812.
- Rideau, Gaël: L'anecdote entre littérature et histoire : une introduction, en Bouzinac, Geneviève (dir.): L'anecdote entre littérature et histoire à l'époque moderne. Rennes, Presses universitaires, 2015, p. 9-26.
- Lambert La Plaigne, Bernard: Lettre d'un ecclésiastique de province à M. l'Évêque de Blois. [S.l., s.n.], [1788?]
- Touchard- Lafosse, Georges: Histoire de Blois et de son territoire depuis les temps les plus reculés jusqu'à nos jours. Blois, Felix Jhayer, 1851.
- Varela Orol, Concha: A Biblioteca Pública da Real Universidade de Santiago de Compostela. Santiago, Universidade, 2007.